



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A  
ASOCIACION DE AMIGOS DO MUSEO DE HISTORIA NATURAL DA USC**

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2016.

**COMPARECEN**

Dunha parte D. Juan Viaño Rey, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, (en adiante USC), actuando no seu Nome e representación, con CIF Q1518001A, e domicilio na Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela.

Doutra parte D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Fraga Vila, Vicepresidenta da Asociación de Amigos do Museo de Historia Natural da USC, (en adiante AAMHN), actuando no seu nome e representación en virtude da delegación efectuada polo seu Presidente en data 7 de xullo de 2016 para a sinatura do presente convenio, segundo o acordado na reunión da Xunta Directiva da Asociación, de 11 de decembro de 2015, con CIF G70456389, e domicilio social en Parque de Vista Alegre s/n, 15782 Santiago de Compostela.

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** Que a USC é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo.

**SEGUNDO.-** Que, segundo o artigo 4 dos Estatutos de la USC, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela propiciará o establecemento de relacións con outras Universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

**TERCEIRO.-** Que a AAMHN é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como obxectivo a promoción do Museo de Historia Natural da USC e a colaboración co mesmo en actividades científicas, culturais, educativas e recreativas

**CUARTO.-** Que tanto a AAMHN como a USC están de acordo en establecer unha colaboración nos eidos de interese común, para o que



## CONVEÑEN

Estreitar as súas relacións, xuntar esforzos e establecer normas amplas de actuación que canalicen e incrementen, dentro dun marco preestablecido, os contactos e colaboracións de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é regular a colaboración entre a USC e a AAMHN, establecendo os termos e condicións polos que as partes se comprometen a cooperar para facilitar a execución de actividades culturais, científicas, didácticas, de investigación e outras que sexan de interese para as dúas partes, a desenvolver no Museo de Historia Natural da USC

### SEGUNDA.- MODALIDADES DE COLABORACIÓN

- Organización e execución de actividades comúns relacionadas coa promoción social da investigación, a docencia e a cultura científica.
- Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, por acordo da Comisión de Seguimento prevista na Cláusula Sexta, dentro das disponibilidades das partes e das actividades que constitúen o obxecto do presente convenio.

### TERCEIRA.- NORMAS DE COLABORACIÓN

As colaboracións derivadas deste convenio quedarán sometidas ás normas aquí indicadas, á lexislación vixente e á normativa interna de cada institución, tendo en conta a natureza da colaboración e a do propio Museo de Historia Natural da USC.

### CUARTA.- CONTIDO DO CONVENIO

As partes adoptarán todas as medidas necesarias para acadar os obxectivos propostos e, especificamente, comprométense a:

#### 1- A USC

- Permitirá a entrada libre as salas expositivas do Museo aos socios da AAMHN, ademais de servizo de consulta na súa biblioteca e hemeroteca. No caso de socios colectivos da AAMHN, so terán entrada de balde á exposición do museo os grupos organizados vinculados ao socio colectivo, cando as visitas formen parte das actividades educativas ou culturais do socio colectivo.
- Facilitar o uso de instalacións do Museo para actividades organizadas pola AAMHN e para as reunións e asembleas da mesma.
- Colaborar nas tarefas administrativas e custodia da documentación da AAMHN, co apoio de persoal e instalacións do Museo.



2- A AAMHN aportará recursos para desenvolver as seguintes actividades:

- Promoción, creación e intercambio de material científico e cultural para o Museo
- Establecemento de relacións de colaboración do Museo con organismos oficiais ou privados, así como con outras asociacións semellantes e/ou complementarias.
- Promoción de actividades educativas que ensinen aos cidadáns galegos e, en particular, aos escolares o coñecemento, goce e respecto pola Natureza.
- Elaboración de materiais didácticos, organización de conferencias, obradoiros, cursiños, etc.
- Convocatorias de premios, concursos, certames e, en xeral, a adopción de iniciativas que potencien unha maior calidade da divulgación e a educación científica.
- Calquera actividade de interese para as partes

#### **QUINTA.- FINANCIAMENTO**

A subscrición do presente convenio comporta para a AAMHM a obriga de compensar economicamente á USC pola perda de ingresos derivados do cobro das tarifas de entrada aos socios.

Na programación de actividades a desenvolver en colaboración, as partes determinarán os recursos cos que, dentro das súas disponibilidades, lles farán fronte.

#### **SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

As partes manterán unha comunicación constante sobre os traballos realizados e acordan reunirse periodicamente co fin de revisar os resultados obtidos e decidir sobre os pasos a seguir.

Para isto, constitúese unha Comisión Mixta de Seguimento integrada por:

- O Reitor, en representación da USC,
- A Vicepresidenta, en representación da AAMHN.

A Comisión Mixta dictará as súas normas internas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes e corresponderanlle, entroutras, as seguintes funcións:

- Propor posibilidades de colaboración en temas de interese común.
- Elevar as propostas que elabore os órganos competentes das dúas partes.
- Realizar o seguimento das actividades realizadas ó abeiro do convenio, así como clarexar e decidir cantas dúbidas poidan xurdir na súa interpretación e execución.



### **SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E CANCELACIÓN DO CONVENIO**

As partes poderán denunciar ou modificar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo.

### **OITAVA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN**

O presente Convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e a súa vixencia será de 2 anos, renovables por períodos iguais por acordo tácito

### **NOVENA.- MODIFICACIÓN E RESCISIÓN**


As partes poderán modificar ou denunciar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá, á súa vez, denunciar o acordo comunicándoo por escrito á outra parte con 3 meses de antelación á data na que o vaia dar por rematado.

### **DÉCIMA.- XURISDICIÓN**

A AAMHN e a USC comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio. No seu caso, as partes someterán as diverxencias que se puideran presentar en orde á interpretación ou cumprimento do presente Convenio ós Xulgados da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo, dado o carácter público da USC.


E, en proba de conformidade con canto antecede, asinan no lugar e data indicados.

**Pola Universidade de Santiago  
de Compostela  
O REITOR**



Juan M. Viaño Rey

**Pola Asociación de Amigos do Museo  
de Historia Natural da USC  
A VICEPRESIDENTA**



María Isabel Fraga Vila